

PERSPECTIVA DE XÉNERO EN ESPAZOS COMUNITARIOS

Conceptos e prácticas para un ambiente comunitario, educativo ou laboral libre de prexuízos sexistas e discriminación.

Guía a actividade: Xoana Baz
Actriz | Mediadora Teatral | Especialidade en Xénero
Apaixonada polo teatro e a arte como ferramentas para o cambio social.
Especializada en teatro aplicado pola Universidade Católica de Chile e estudos de xénero na Universidade de Chile. Facilitadora de obradoiros inclusivos que promoven o benestar social e a igualdade de xénero. Presidenta da ONG Escola de Empoderamento Amanda Labarca ata o ano 2024, comprometida co empoderamento comunitario a través da arte e a educación.

O **teatro aplicado** abrangue prácticas teatrais que abordan cuestións sociais, educativas ou comunitarias. Non é un xénero nin un estilo, senón unha ferramenta de aprendizaxe, empoderamento, diálogo e transformación. Pode desenvolverse en escolas, prisións, hospitais, campos de refuxiados ou espazos públicos, con diversos propósitos: crear conciencia, explorar valores, desenvolver habilidades, xerar cambios ou celebrar a diversidade.

Esta práctica empregouse con éxito en diferentes lugares do mundo, en comunidades xuvenís en exclusión, en persoas maiores, en traballadoras e traballadores. Augusto Boal aplicouna no Brasil no ámbito político, mesmo en procesos lexislativos.

Propósito do obradoiro

Dar a coñecer que é a perspectiva de xénero e como aplicala en espazos comunitarios, educativos ou no lugar de traballo para construír un ambiente xusto con todas as persoas. A partir do autocuidado, respecto, escoita e empatía, abordaranse conceptos como: sexo, xénero, binarismo de xénero, fenda de xénero, linguaxe non sexista, igualdade de xénero, paridade e boas prácticas para mellorar os espazos comúns.

Contacto: xoanabaz@gmail.com / 622730749

Metodoloxía

As persoas participantes ampliarán os seus coñecementos sobre xénero mediante unha metodoloxía activa baseada no teatro aplicado, favorecendo a reflexión, autoexploración, autocrítica e solucións colectivas.

Normas de funcionamento

- Espazo seguro, libre de violencia e discriminación.
- Confidencialidade.
- Liberdade para preguntar e equivocarse.
- Os conflitos compártense e resólvense.
- Posibilidade de parar un exercicio se alguén se sente incómodo/a.

Cronograma e orzamento:

- 1 reunión previa, pode ser presencial ou online para localizar as inquedanzas e necesidades do grupo co fin de adaptar a intervención o máis posible.

- 1 sesión de intervención e xogo dramático de 2 horas 30 minutos (con descanso de 15 minutos)

Total honorarios por horas pedagóxicas e de deseño; materiais, traslados (provincia de Pontevedra) e impostos incluidos 300€

Contacto: xoanabaz@gmail.com / 622730749